



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 22)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de xuño de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño e o señor deputado don José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xuño de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA *SOFTWARE* DE XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS: SOLUCIÓN PARA A XESTIÓN DAS PERSOAS (GINPIX-7).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Téndose detectado un erro, incardinable no artigo 109.2 da Lei 39/2015, no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de abril de 2022 en relación ao acordo de adxudicación da contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*), considérase necesario a corrección do erro detectado consistente en que,

Onde figura:



“1º.- Adjudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informatica Aplicada S.L. con NIF: B80004732, a contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*), 2022/CON_02/000009, por un importe máximo de 8.796,94 €, ao que engadirán 1.847,36 € en concepto de IVE, o que fai un total de 10.644,30 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 7.096,20 euros. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

Ano 2023: 3.548,10 euros Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

A empresa adjudicataria comprométese a incrementar en 8 horas a formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio”.

Debería figurar:

“1º.- Adjudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. con NIF: B80004732, a contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*), 2022/CON_02/000009, por un importe máximo de 8.796,94 €, ao que engadirán 1.847,36 € en concepto de IVE, o que fai un total de 10.644,30 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 7.096,20 euros. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

Ano 2023: 3.548,10 euros Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Que de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Segunda.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015 di que: “Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

Esto ven reforzado pola Xurisprudencia do TS que acoutou con restritivo criterio o contorno da figura da rectificación de erros identificándoa con “aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipótese ou deducións”, ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soas, sen que sexa preciso acudir a posteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”.

Debe entenderse polo tanto, que se trata dun mero erro l, dado que pódese comprobar que na oferta presentada pola empresa adxudicataria non ofertou as 8 horas de formación “*on line*” que figuran no acordo de adxudicación. A evidencia resulta directamente dunha mera comprobación da oferta presentada polo adxudicatario así como da acta da Mesa de Contratación celebrada o día



Acta da Mesa de Contratación do día 10 de marzo de 2022, con CSV: IV7CZWCKLBMLTTUY4D6M6R77IA que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*). 2022/CON_02/000009.

Primeiro.- Apertura y valoración de oferta, fase de negociación (fase 2ª).

Segundo.- Requirimento de documentación.

Deuse conta que na Mesa celebrada o día 03 de marzo de 2022 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación do contido do informe emitido polo Servizo de RR.HH. en relación á oferta técnica presentada pola empresa Soluciones Avanzadas en Informatica Aplicada S.L., no que conclúe que “Que dita oferta cumpre cos requisitos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.”

Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador Soluciones Avanzadas en Informatica Aplicada S.L. presentou na fase de negociación,resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Incremento, sen custe para a administración contratante, do mínimo de horas de formación (ata un máximo de 30 puntos).

Puntuarase o incremento, sen custe para a Administración contratante, do número de horas de formación sobre a formación mínima esixida. (Apartado 4 do PPT).

Incremento de 2 horas de formación “*on line*” sobre o mínimo obrigatorio, valórase con 15 puntos.

Incremento de 4 horas de formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio valórase con 30 puntos.

Neste caso, a empresa non introduce ningún valor no modelo de oferta polo que se entende que non realiza a mesma e polo tanto a puntuación na fase de negociación será de cero puntos.”

Terceira.- O erro detectado cumpre coas esixencias fixadas pola xurisprudencia en relación co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Trátase de un erro material, produto da transcripción de datos, utilizando a técnica de copiar de plantillas ou modelos preexistentes.

Polo que vai dito proponse, que á vista do exposto pola Xunta de Goberno se adopten as seguintes resolucións:

1º.- Aprobar á rectificación do erro material (de transcripción) detectado no acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de abril de 2022 en relación á Contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*). Expediente Nº: 2022/CON_02/000009, de tal forma que quede redactado tal e como segue:

Onde di:

“1º.- Adxudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informatica Aplicada S.L. con NIF: B80004732, a contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*), 2022/CON_02/000009, por un importe máximo de 8.796,94 €, ao que engadirán 1.847,36 € en concepto de IVE, o que fai un total de 10.644,30 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 7.096,20 euros. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).



Ano 2023: 3.548,10 euros Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

A empresa adxudicataria comprométese a incrementar en 8 horas a formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio”.

Debe dicir:

“1º.- Adxudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informatica Aplicada S.L. con NIF: B80004732, a contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (*Ginpix-7*), 2022/CON_02/000009, por un importe máximo de 8.796,94 €, ao que engadirán 1.847,36 € en concepto de IVE, o que fai un total de 10.644,30 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 7.096,20 euros. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

Ano 2023: 3.548,10 euros Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

2º.- Dar publicidade á devandita rectificación cun novo anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL, ROUPA DE TRABALLO E UNIFORMIDADE DESTINADOS AO PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Prego de prescricións técnicas (PPT) asinado polo Servizo de prevención, con CSV IV7OXSATZZWIL2NJUQ7GORCP6A.

Informe do Servizo de Prevención sobre erro de transcripción no PPT, con CSV IV7OYO2PGAF35DO3SMFVKM2Q4Y.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7OZSXMNEB77RF74XWEAB2GII.

Téndose detectado un erro, incardinable no artigo 109.2 da Lei 39/2015, no PPT aprobado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 26 de maio de 2023, en relación ao acordo de contratación por lotes da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, considérase necesaria a corrección do erro detectado, tal e como informa o Servizo de Prevención, de modo que:

“No anexo I do documento Prego de Prescricións Técnicas do contrato detéctase un erro material nalgunha das táboas correspondentes ao Lote 1 na columna de descrición do seguintes artigos, xa que nalgunha delas indícase erroneamente que os artigos 014 e 016 deben cumprir coa norma EN 20471 e nunha delas non aparece a indicación de que o artigo 006 debe estar serigrafiado:



Así, nas táboas nas que aparece:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN PRENDAS
006	Chaleco acolchado con relleno en tejido oxford con cintas reflectantes y parte superior alta visibilidad color naranja. Cuello alto, cierre de cremallera y bolsillos laterales.
014	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color azul oscuro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 20471, EN 343. Serigrafiado
016	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color negro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 20471, EN 343. Serigrafiado

Debe decir:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN PRENDAS
006	Chaleco acolchado con relleno en tejido oxford con cintas reflectantes y parte superior alta visibilidad color naranja. Cuello alto, cierre de cremallera y bolsillos laterales. Serigrafiado.
014	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color azul oscuro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 343. Serigrafiado
016	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color negro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 343. Serigrafiado

Ademais na táboa final do Lote 1 (Lote 1: Equipos de protección individual EPIS Total) detectáronse algunhas erratas na columna de descripción de algún dos artigos. Así onde aparece:

018	Casco de protección ligero fabricado en ABS o PE de alta densidad, con barbuquejo con p1102rotector de goma para la barbilla, y bandas antisudor. 11000Arnés textil de 6 puntos. Con rosca de ajuste de talla d10400orsal. Color amarillo. Normativa EN397, EN 166 y EN 503189065. Serigrafiado
019	Gorra antigolpes color azul oscuro tipo béisbol. Interior en ABS y 2700almohadilla EVA. Ventilación lateral. Regulable media1100nte velcro. Normativa EN812. Serigrafiada375
020	Casco forestal con pantalla facial , protección auditiva y casco para trabajos374 con motosierra. Norma EN 397, EN 352 -3 y EN 1731:2830006. Serigrafiado

Debe decir:

018	Casco de protección ligero fabricado en ABS o PE de alta densidad, con barbuquejo con protector de goma para la barbilla, y bandas antisudor. Arnés textil de 6 puntos. Con rosca de ajuste de talla dorsal. Color amarillo. Normativa EN397, EN 166 y EN 50365. Serigrafiado
019	Gorra antigolpes color azul oscuro tipo béisbol. Interior en ABS y almohadilla EVA. Ventilación lateral. Regulable mediante velcro. Normativa EN 812. Serigrafiada.
020	Casco forestal con pantalla facial , protección auditiva y casco para trabajos con motosierra. Norma EN 397, EN 352 -3 y EN 1731:2006. Serigrafiado

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Que de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do

mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Segunda.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015 di que: “Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

Esto ven reforzado pola Xurisprudencia do TS que acoutou con restritivo criterio o contorno da figura da rectificación de erros identificándoa con “aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipótese ou deducións”, ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soas, sen que sexa preciso acudir a ulteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”.

Debe entenderse polo tanto, que se trata dun mero erro material de transcripción.

Terceira.- O erro detectado cumpre coas esixencias fixadas pola xurisprudencia en relación co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Trátase de un erro material, produto da transcripción de datos, utilizando a técnica de copiar de plantillas ou modelos preexistentes.

Polo que vai dito, proponse que á vista do exposto, pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar á rectificación do erro material (de transcripción) detectado no PPT aprobado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 26 de maio de 2023, en relación ao acordo de contratación por lotes da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, expediente 2023/CON_02/000042, considérase necesario a corrección do erro detectado consistente en que:



“No anexo I do documento Prego de Prescricións Técnicas do contrato detéctase un erro material nalgunha das táboas correspondentes ao Lote 1 na columna de descrición do seguintes artigos, xa que nalgunha delas indícase erroneamente que os artigos 014 e 016 deben cumprir coa norma EN 20471 e nunha delas non aparece a indicación de que o artigo 006 debe estar serigrafiado:

Así, nas táboas nas que aparece:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN PRENDAS
006	Chaleco acolchado con relleno en tecido oxford con cintas reflectantes y parte superior alta visibilidad color naranja. Cuello alto, cierre de cremallera y bolsillos laterales.
014	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color azul oscuro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 20471, EN 343. Serigrafiado
016	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color negro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 20471, EN 343. Serigrafiado

Debe decir:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN PRENDAS
006	Chaleco acolchado con relleno en tecido oxford con cintas reflectantes y parte superior alta visibilidad color naranja. Cuello alto, cierre de cremallera y bolsillos laterales. Serigrafiado.
014	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color azul oscuro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 343. Serigrafiado
016	Pantalón workshell para agua y frío, con bolsillos, color negro. Elástico en cintura, tejido cortavientos, repelente al agua y resistente al desgarro con membrana interior transpirable y aislante e interior de alta capacidad térmica. Normativas EN 13688, EN 14058, EN 343. Serigrafiado

Ademais na táboa final do Lote 1 (Lote 1: Equipos de protección individual EPIS total) detectáronse algunhas erratas na columna de descrición de algún dos artigos. Así onde aparece:

018	Casco de protección ligero fabricado en ABS o PE de alta densidad, con barbuquejo con p1102rotector de goma para la barbilla, y bandas antisudor. 11000Arnés textil de 6 puntos. Con rosca de ajuste de talla d10400orsal. Color amarillo. Normativa EN397, EN 166 y EN 503189065. Serigrafiado
019	Gorra antigolpes color azul oscuro tipo béisbol. Interior en ABS y 2700almohadilla EVA. Ventilación lateral. Regulable media1100nte velcro. Normativa EN812. Serigrafiada375
020	Casco forestal con pantalla facial , protección auditiva y casco para trabajos374 con motosierra. Norma EN 397, EN 352 -3 y EN 1731:2830006. Serigrafiado

Debe decir:

018	Casco de protección ligero fabricado en ABS o PE de alta densidad, con barbuquejo con protector de goma para la barbilla, y bandas antisudor. Arnés textil de 6 puntos. Con rosca de ajuste de talla dorsal. Color amarillo. Normativa EN397, EN 166 y EN 50365. Serigrafiado
019	Gorra antigolpes color azul oscuro tipo béisbol. Interior en ABS y almohadilla EVA. Ventilación lateral. Regulable mediante velcro. Normativa EN 812. Serigrafiada.
020	Casco forestal con pantalla facial , protección auditiva y casco para trabajos con motosierra. Norma EN 397, EN 352 -3 y EN 1731:2006. Serigrafiado

2º.- Integrar a corrección no PPT nun único documento, con CSV IV7OYO2MLNXIROGPSEHRIIQPKA, cuxa variación límitase aos cambios aquí descritos.

3º.- Efectuada a corrección, darlle publicidade na Plataforma de contratos e continuar coa tramitación do procedemento de licitación, reanudando o cómputo de prazo polo período restante.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MURAS.- Humanización do campo da feira do Viveiró.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 08/06/2023 na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BESLSCAFD7SU24MMQN5QRAU¹.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: MURAS.- Humanización do campo da feira do Viveiró, redactado por D. Alejandro Peña López, (L2 ingeniería).

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7B2PLSBPX32VEKXRG4IITPPY.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BE3T3YFWMRZPJCTUDGMBBKM.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BE3TZBAMS3OF6YRQAIXTEAQ.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BE7AKLIJ3QRND4PXS4YDCF4.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 10/03/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BEDCSDUXS5CMZ2H4A6UAWEY.

8. Publicación, o día 10/03/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 10/04/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7OWWRTJFNMTXRLYIFQJYXQAA, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7OQLY6HTRTIWOMAL5NIBDXAQ, reunida en acto público con data 28/04/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
CHOLO SL	7,00
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	14,60
NOVAIAL SL	17,10
VILARIÑO ESP SLU	18,50

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

MURAS.- HUMANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA DO VIVEIRO

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

441.874,00
365.185,12 76.688,88

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

3 MESES

MAX

7.303,70 €

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (70)			CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	CHOLO SL		419.515,18 €	SI	413,22	25/1
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		419.338,42 €	SI	300,00	43/0
3	NOVAIAL SL		401.089,03 €	SI	7.303,70	7/0
4	VILARIÑO ESP SLU		411.043,30 €	SI	7.303,70	-/-

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adjudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	OBJETIVOS (70)						XUIZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (30)		TOTAL
		PREZO (60)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (30)		
		OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	SI / NO		MAXIMO 2% V.E.	7.303,70 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
				SI/NO	PTOS			IMPORTE	PTOS	
1	CHOLO SL	419.515,18 €	32,89	SI	5,00	413,22	0,28	7,00	45,17	
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	419.338,42 €	33,15	SI	5,00	300,00	0,21	14,60	52,96	
3	NOVAIAL SL	401.089,03 €	60,00	SI	5,00	7.303,70	5,00	17,10	87,10	
4	VILARIÑO ESP SLU	411.043,30 €	45,36	SI	5,00	7.303,70	5,00	18,50	73,86	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	CHOLO SL	419.515,18 €
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	419.338,42 €
3	NOVAVIAL SL	401.089,03 €
4	VILARIÑO ESP SLU	411.043,30 €

MEDIA
412.746,48

BAIXA DESPROPORCIONADA
371.471,83

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	NOVAVIAL SL	87,10
2	VILARIÑO ESP SLU	73,86
3	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	52,96
4	CHOLO SL	45,17

b) Requerir á mercantil Novavial SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 16.573,93 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 05/05/2023, con CSV: IV7OSYCLLEVOTGU5SRPG6P3UKE, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Novavial SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a

documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 08/05/2023, rematando o prazo de presentación o día 23/05/2023. A mercantil Novavial SL, presentou a documentación requirida o 23/05/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

13. En data 31/05/2023, reunida a mesa de contratación a efectos de comprobación da documentación presentada pola mercantil Novavial SL, detectouse que a documentación remitida estaba incompleta, polo que acordou conceder un prazo de 3 días para o completo da mesma. O requirimento foille efectuado a través da PLACE o 01-06-2023, presentando a documentación requirida en data 02/06/2023.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 08/06/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ós requirimentos e a súa cualificación, compróbase que a empresa Novavial SL achegou correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Novavial SL con C.I.F. B-70538459 representada por D. Felipe López Saco con DNI ***3909**, a contratación da obra denominada MURAS.- Humanización do campo da feira do Viveiró (2022/CON_02/000086), nos termos seguintes:

Prezo de 401.089,03 €, dos cales 69.610,49€ corresponden ao IVE (21%).

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 7.303,70€ mais IVE.



Prazo de execución; previsto nos pregos (3 meses) coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, (15 días laborables).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Novavial SL con C.I.F. B-70538459 representada por D. Felipe López Saco con DNI ***3909**, a contratación da obra denominada MURAS.- Humanización do campo da feira do Viveiró (2022/CON_02/000086), nos termos seguintes:

- a. Prezo de 401.089,03 €, dos cales 69.610,49€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 7.303,70€ mais IVE.
- d. Prazo de execución; previsto nos pregos (3 meses) coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, (15 días laborables).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.



5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	274	DEPÓSITO DE RESERVA ANTIINCENDIOS EN XERMADE	---	21.348,37€	21.348,37€

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións indicadas.

5. A Alcaldía do Concello de Xermade a través de escrito de data 08/06/2023 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 274, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... mellorar a vida útil e a accesibilidade do depósito,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto modificado solicitado, así como o financiamento do mesmo, incluíndo o remanente producido na adxudicación, quedando do seguinte xeito:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	274	MODIFICADO DEPÓSITO DE RESERVA ANTIINCENDIOS EN XERMADE	7.516,98€	21.348,37€	28.865,35€

6. A base 16, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”.

Así mesmo tamén sinala “...calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.



7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento indicado, así como a financiación do modificado, incluíndo o remanente producido na adxudicación da obra, e achega municipal do resto do incremento do modificado; relativo ao Concello de Xermade que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento indicado, así como o financiamento de dito modificado; quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no amentado investimento, financiado parte co remanente obtido da adxudicación do mesmo e o resto achega municipal, quedando nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	274	MODIFICADO DEPÓSITO DE RESERVA ANTIINCENDIOS EN XERMADE	7.516,98€	21.348,37€	28.865,35€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA VALORACIÓN DEFINITIVA DE OBRAS POR EMERXENCIA.

Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo director técnico da obra de emerxencia da obra de A FONSAGRADA.- Substitución de obra de paso sobre o río do Castelo na LU-P-0408, P.K. 3+500.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 08/06/2023 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 03/02/2023 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7B6LZJODVCYRHMC474EJHUA4) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil Hermanos Pico Yañez SL, no orzamento estimado de 74.866,02 €, IVE incluído.



Segundo.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: “Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: “En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos”.

Terceiro.- Pola dirección técnica con data 08/06/2023, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descriptiva da execución da obra indicada.

No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por “cuenta justificativa”, refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 03/02/2023, no apartado terceiro do acordo di que “As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal, o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)”; figurando así na valoración definitiva das obras.

Cuarto.- O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala “... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, “realizarse mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado.”

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 74.856,88€, dos cales 12.991,69€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa

adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 74.856,88€, dos cales 12.991,69€ corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, Hermanos Pico Yañez SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza co obxecto de colaborar nas “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”. Ano 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:



En relación ao asunto de referencia emíttese o seguinte informe:

Primeiro.- O 23 de setembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes na “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”, anualidade 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 16 de setembro de 2022.

No referido convenio establécense as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a actuación “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza” cun custe total de 63.858,03 €, cunha achega económica ao obxectivo compartido por parte do Concello da Pastoriza de 3.998,99 €.

Así mesmo, o convenio establece na súa cláusula Cuarta.- Xustificación da achega económica, a documentación que deberá achegar a entidade local para os efectos de trámite e aprobación da respectiva conta xustificativa.

O Concello de Pastoriza en data 31/03/2023 formulou conta xustificativa do referido convenio interadministrativo de cooperación para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento das “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza” en expediente número 2023/PES_03/006489 e número de rexistro (2023RT005456), indicando na memoria xustificativa que tras a tramitación do expediente de actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal da Pastoriza e realizada a tramitación do expediente:

(...) resulta adjudicataria das mesmas co acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2022 a mercantil Sport Equipalia, S.L.U por un importe de 42.682,00 € sen IVA e de 51.645,22 € IVA incluído o que supón unha unha baixa do 13,7219374% sobre o importe de licitación: 6.788,28€ sen IVA e 8.213,82 € IVA incluído.

A vista desta baixa e co importe correspondente da mesma, o Concello se plantexa a realización de actuacións noutro pavillón polideportivo do concello na parroquia de Bretoña, tamén de titularidade municipal ao consideralas incluídas dentro do mesmo tipo de clasificación CPV 45212290 Reparación e mantemento de instalacións deportivas.

Así mesmo, achegan acta de recepción única correspondente a obra e emitida na data 31/12/2022.

Segundo.- Con posterioridade, o representante legal do Concello de Pastoriza remitiu escrito con data 26/05/2023 (2023/PES_03/006489) e número de rexistro 2023RT005456 nos que literalmente se recolle o seguinte:

“(…) as actuacións incluídas no convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza, para o fin común de “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal da Pastoriza”, licitáronse en expediente municipal nº 702/2022, mediante procedemento aberto simplificado por un valor estimado de contrato de 49.470,28 € sin IVA e por un importe total de 59.859,04 € IVA incluído (…)

Unha vez tramitado o expediente resulta adxudicataria das mesmas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2022, a mercantil Sport Equipalia SLU, por un importe de 42.682 € sen IVA e de 51.645,22 € IVA incluído, o que supón unha baixa do 13,7219374% sobre o importe de licitación: 6.788,28 € sen IVA e 8.213,82 € IVA incluído.

A vista da baixa e co importe correspondente da mesma, o Concello plantexa a realización de actuacións en outro pavillón polideportivo do Concello na parroquia de Bretoña, tamén de titularidade municipal, o considerar incluídas dentro do mesmo tipo de clasificación (…)

Polo exposto, solicítase a autorización da aplicación dos remanentes producidos na licitación, para a execución doutra actuación, que ten a mesma finalidade das actuacións pretendidas, “Substitución de carpintería exterior en accesos a pavillón polideportivo da parroquia de Bretoña, de conformidade coa cláusula terceira punto 3 do convenio de colaboración.

Á vista do indicado da documentación formulada polo Concello da Pastoriza, a administración local tería realizado co importe da baixa derivada da adxudicación da actuación prevista no convenio “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal da Pastoriza”, diversas accións de mellora noutra instalación deportiva do Concello, neste caso no pavillón polideportivo de Bretoña, actuación que de acordo á acta de recepción única correspondente a obra e emitida na data 31/12/2022 se executou dentro do prazo de execución previsto no convenio.

Ha de terse en conta que o Concello da Pastoriza formula expediente de conta xustificativa que inclúe tanto a xustificación das obras derivadas das “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”, como daquelas referidas á actuación “Substitución de carpintería exterior en accesos a pavillón polideportivo da parroquia de Bretoña”, estas últimas ás que destinou, como se indicaba, os remanentes producidos na adxudicación.

En consecuencia, o Concello de Pastoriza, -e ao abeiro do convenio asinado-, solicita a aprobación da autorización respecto da aplicación dos remanentes producidos na licitación ou



execución nas actuacións indicadas na solicitude e respecto da que se achega memoria valorada das actuacións pretendidas e que á vista da documentación formulada han de considerarse que terían a mesma finalidade que as previstas e recollidas no convenio aprobado.

Terceiro.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula terceira. Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

(...)

“3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.”

Na cláusula sexta. Modificación.

”A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Cuarto.- Á vista do proxecto de actuación achegado, considérase que a nova actuación “Substitución de carpintería exterior en accesos a pavillón polideportivo da parroquia de Bretoña” tería a mesma finalidade e que por tanto se cumpriría o previsto na cláusula 3.1.3 para a autorización procedente da aplicación dos remanentes producidos. En consecuencia, o obxecto do convenio deberá recoller a actuación agora solicitada.

Por todo o exposto, á vista da documentación e solicitude formulada polo Concello da Pastoriza e do expediente de conta xustificativa e as circunstancias nel expostas, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a autorización prevista na cláusula 3.1.3 e a consecuente modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes nas

“Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”. Ano 2022, formalizado o 23 de setembro de 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes nas “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”. Ano 2022, formalizado o 23 de setembro de 2022, nos termos da addenda que literalmente se transcribe:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza co obxecto de colaborar nas “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”. ano 2022.

Reunidos.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 15 de outubro de 2019.



E doutra, Dona Elva Carrera González con DNI ***8984**, tenente de alcalde do Concello da Pastoriza, con NIF: P2704400G, e sede social en Praza Galicia 1, A Pastoriza, actuando en nome e representación da citada entidade (Decreto de data 02/07/2019), con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 23 de setembro de 2022 asinou o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes no “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza”. Ano 2022, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de dezaseis de setembro de 2022.

Segundo.- O representante legal do Concello de Pastoriza remitiu escrito, o 26/05/2023 (2023/PES_03/006489) e número de rexistro 2023RT005456 nos que literalmente se recolle o seguinte:

“as actuacións incluídas no convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza, para o fin común de “Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal da Pastoriza”, licítáronse en expediente municipal nº 702/2022, mediante procedemento aberto simplificado por un valor estimado de contrato de 49.470,28€ sin IVA e por un importe total de 59.859,04 € IVA incluído (...)

Unha vez tramitado o expediente resulta adxudicataria das mesmas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2022, a mercantil Sport Equipalia SLU, por un importe de 42.682 € sen IVA e de 51.645,22 € IVA incluído, o que supón unha baixa do 13,7219374% sobre o importe de licitación: 6.788,28 € sen IVA e 8.213,82€ IVA incluído.

A vista da baixa e co importe correspondente da mesma, o Concello plantexa a realización de actuacións en outro pavillón polideportivo do Concello na parroquia de Bretoña, tamén de titularidade municipal, o considerar incluídas dentro do mesmo tipo de clasificación (...)

Polo exposto, solicítase a autorización da aplicación dos remanentes producidos na licitación, para a execución doutra actuación, que ten a mesma finalidade das actuacións pretendidas, “Substitución de carpintería exterior en accesos a pavillón polideportivo da parroquia de Bretoña, de conformidade coa cláusula terceira punto 3 do convenio de colaboración.

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- A Cláusula primeira.- Obxecto do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:

Investimento	CUSTE
Actuacións de mellora no pavillón polideportivo municipal de A Pastoriza e honorarios	55.644,21€(IVE incluído)
Substitución de carpintería exterior en accesos a pavillón polideportivo da parroquia de Bretoña	8.213,82€(IVE incluído)
TOTAL	63.858,03€(IVE incluído)

Cuarta.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 6 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe.

O Presidente
P.D. Decreto do 15/10/2019
O Deputado Delegado da Area de Deportes, Artesanía e
Deseño e Memoria Histórica en funcións
Asdo: D. Efrén Castro Caloto

A Tenente de Alcalde do Concello da Pastoriza en
funcións

Asdo.: Elva Carrera Gonzalez

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero



2º.- Autorizar a aplicación dos remanentes de acordo ao previsto na cláusula terceira do convenio interadministrativo por importe de 8.213,82 € (IVE incluído) para a actuación “Substitución de carpintería exterior en accesos a pavillón polideportivo da parroquia de Bretoña”, por se consideraren da mesma finalidade que as previstas e recollidas no convenio aprobado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA EXTINCIÓN POR ACORDO UNÁNIME DAS PARTES, DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE RIBADEO CO OBXECTO DE COLABORAR NA “REFORMA HANGAR PIRAGÜISMO PRAIA DOS BLOQUES”, ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se reflicte que:

Asunto: Extinción por acordo unánime das partes do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo co obxecto de colaborar no “Reforma hangar piragüismo praia dos Bloques”, anualidade 2022 (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022).

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Primeiro.- O 06 de outubro de 2022 asinou se o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo praia dos Bloques”, anualidade 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 30 de setembro de 2022.

E así mesmo, o 1 de decembro de 2022 asinouse addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo co obxecto de colaborar na “Reforma Hangar Piragüismo praia dos bloques”, aprobada por acordo de Xunta de Goberno de 25 de novembro de 2022, no relativo ao recollido na cláusula terceira, punto 11 de compromisos do Concello e no relativo ao réxime económico previsto na cláusula Cuarta respecto do importe asumido polo Concello de Ribadeo, reflectindo expresamente que o resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas pola referida addenda.

Segundo.- Con data 12/06/2023 en expediente de número 2023/PES_03/013168 e número de rexistro 2023RT010653, don Fernando Suárez Barcia na súa condición de representante do Concello de Ribadeo formula solicitude na que manifesta que: Que con data 06/10/2022 asinouse un convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, e que ten por obxecto “reforma hangar de piragüismo da Praia dos Bloques”.

E así mesmo que:

Debido aos prazos que se contemplan en dito convenio e, tendo en conta que se trata dun proxecto non menor que xunto co seu correspondente prazo de execución facía imposible a execución das obras nas condicións plantexadas.

Deste xeito, damos por desistidos deste convenio para procede a solicitar un novo, co mesmo obxecto E para que así conste asino esta renuncia.

Terceiro.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo praia dos Bloques”, anualidade 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 30 de setembro de 2022, establece na súa cláusula Sétima.- Extinción e efectos:

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.



Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

Pola súa parte o artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público, atendendo por tanto, á extinción de convenios, indica:

Artigo 51. Extinción dos convenios. 1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorreren en causa de resolución. 2. Son causas de resolución: a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga. b) O acordo unánime de todos os asinantes. c) O incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. (...)

Por tanto, ha de entenderse a solicitude formulada nas previsións recollidas no referido artigo 51.2 b), extinción por acordo unánime de todos os asinantes, recollendo a vontade da administración local e as circunstancias expostas no seu escrito.

Cuarto.- Así mesmo, o referido convenio establece na súa cláusula cuarta, apartado c), xustificación da achega económica, que o organismo provincial, procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente, unha vez aprobada a respectiva conta xustificativa. E que por tanto, os compromisos financeiros establecidos han de entenderse expresamente vinculados á formulación e fiscalización favorable da correspondente conta xustificativa, unha vez executadas as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio.

En consecuencia, vista a solicitude formulada polo Concello de Ribadeo e as previsións do convenio asinado, ha de entenderse tal solicitude nas circunstancias recollidas no referido artigo 51.2 b) da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e por tanto tramitar e acordar a extinción por acordo unánime de todos os asinantes do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo praia dos Bloques” anualidade 2022, formalizado o 6 de outubro de 2022, sen que da liquidación do convenio se deriven compromisos financeiros xa que estes quedan expresamente vinculados á formulación e

fiscalización favorable da correspondente conta xustificativa, unha vez executadas as actuacións relacionadas co obxecto do convenio.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a extinción do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo praia dos Bloques” anualidade 2022, formalizado o 6 de outubro de 2022 por incorrer en causa de resolución (acordo unánime de todos os asinantes) recollida no artigo 51.2 b) da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2º.- Acordar que da liquidación do convenio non se derivan compromisos financeiros xa que os compromisos financeiros quedan expresamente vinculados á formulación e fiscalización favorable da correspondente conta xustificativa, unha vez executadas as actuacións relacionadas co obxecto do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO PROVISIONAL SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das



ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2023, dotado con 80.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 80.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.

II. A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións (en adiante, Bases) foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 14 de abril de 2023.

Como consecuencia da dita publicación, foron recibidas 136 solicitudes por parte de 48 ANPAS de centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo.

III. En cumprimento do establecido na Base 10, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisáronse as solicitudes presentadas e realizáronse todas as actuacións necesarias para a determinación das solicitantes que, a través da documentación achegada, acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, e na Base 8 das canalizadoras das subvencións, para poder ser as súas beneficiarias.

En concreto, comprobouse que as 136 solicitudes integraban a documentación requirida na Base 8. Das 136 solicitudes:

74 integraban toda a documentación prevista na Base 8 e, ademais, era correcta.

62 estaban incompletas ou contiñan erros emendables por parte de 23 ANPAS.

Requiridos os 23 solicitantes cuxas 62 solicitudes estaban incompletas ou contiñan erros, e recibidas as respostas aos ditos requirimentos, completáronse os expedientes.

IV. Por outra banda, en aplicación do establecido na Base 6, determináronse os importes das subvencións correspondentes a cada unha das solicitudes.

Das actuacións citadas despréndese que as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes e polos importes que se relacionan a continuación (nas actividades organizadas por ADEGA indícase que se tratan de obradoiros no centro escolar; o resto de actividades correspóndense con visitas ás granxas):

Expediente	Solicitante	NIF	Visita / Obradoiro	Importe unitario subvención	Importe total subvención
2023/CCP_01/000407	Asociación de pais de alumnos do colexio de Riotorto	G27307677	Caurelor	900	900
2023/CCP_01/000408	APA Outeiro do CEIP Pobra de Brollón	G27272459	A Casa da Fonte	900	1800
2023/CCP_01/000409			MUVICLA	900	
2023/CCP_01/000410	APA del CEIP de Triacastela	G27317643	Daveiga	855	1353,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000412	Asociación de pais alumnos Terra Chá do CEIP de Román	G27312859	Tropic Gaia	900	1800
2023/CCP_01/000413			Gr. A. Salvatierra	900	
2023/CCP_01/000417	APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Vivero	G27019017	Casa Labradela	760	4438,75
2023/CCP_01/000416			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000415			Tropic Gaia	760	
2023/CCP_01/000414			Tropic Gaia	760	
2023/CCP_01/000418			Casa Labradela	760	
2023/CCP_01/000419			Airas Moniz	900	
2023/CCP_01/000421	ANPA do CEIP Castro de Ouro de Alfoz	G27424951	Terras da Mariña	900	900
2023/CCP_01/000426	Asociación ANPA CEIP O Salvador	G27475532	Daveiga	900	1398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000427	APA de Xermade	G27035500	Granxa Aeiroá	800	1298,75
2023/CCP_01/000427			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000429	ANPA del CEIP de Monterroso	G27374248	ADEGA	495	4.995
2023/CCP_01/000430			Airas Moniz	900	
2023/CCP_01/000435			Avicava Natur	900	
2023/CCP_01/000431			Casa Bértolo	900	
2023/CCP_01/000432			MUVICLA	900	
2023/CCP_01/000433			MUVICLA	900	
2023/CCP_01/000438	ANPA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	Traloagro	900	1398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000439	APA y ex- alumnos de S. José de Calasanz de Quiroga	G27190263	Caurelor	700	1198,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000440	Asociación de nais e pais de alumnos CEIP Xosé Luis Taboada	G27509090	Caurelor	855	855
2023/PES_03/008354	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio	G27230382	Daveiga	800	1298,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000441	Asociación padres de alumnos Laverde Ruiz	G27219674	Teixeiro e Pistón	900	900
2023/CCP_01/000446	ANPA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	Traloagro	900	2797,5
			ADEGA	498,75	
			Traloagro	900	
2023/CCP_01/000447			ADEGA	498,75	



DEPUTACIÓN DE LUGO

Expediente	Solicitante	NIF	Visita / Obradoiro	Importe unitario subvención	Importe total subvención
2023/CCP_01/000450	Agrupación mais e pais a Ulloa de Palas de Rei	G27359272	Daveiga	900	3600
2023/CCP_01/000451			Pazo de Vilane	900	
2023/CCP_01/000452			Muvicla	900	
2023/CCP_01/000453			Muvicla	900	
2023/CCP_01/000455	Asociación pais de alumnos do CEIP San Miguel	G27291129	Daveiga	900	1398,75
		ADEGA	498,75		
2023/CCP_01/000456	ANPA Abella do CEIP Casás	G27414051	Avicava Natur	900	2700
2023/CCP_01/000457			Graxa Caldaloba	900	
2023/CCP_01/000458			Terras da Mariña	900	
2023/CCP_01/000460	ANPA CEIP Luis Tobío (en constitución)	G01799410	Milhulloa	778,05	1276,8
		ADEGA	498,75		
2023/CCP_01/000461	Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	G27384635	Caurelor	900	4998,75
		Teixeiro e Pistón	900		
		MUVICLA	900		
		Champivil	900		
		Gandería Quintián	900		
		ADEGA	498,75		
2023/CCP_01/000463	Asociación de nais e pais do CPI Tino Grandío	G27466895	Arqueixal	900	1800
		Arqueixal	900		
2023/CCP_01/000464	Asociación de nais e pais de alumnos/as a Faxarda do CEIP Gregorio Sanz	G27011642	Casa Labradela	753	3700,25
2023/CCP_01/000465			Champivil	753	
2023/CCP_01/000466			Tropic Gaia	698	
2023/CCP_01/000467			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000468			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000469			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000470	ANPA do colexio de educación especial Sta. María de Lugo	G27159425	Milhulloa	746	1244,75
		ADEGA	498,75		
2023/CCP_01/000471	APA Sta. Eulalia y San Berto	G27323054	Daveiga	836	836
2023/PES_03/010165	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio	G27230382	ADEGA	498,75	498,75
2023/CCP_01/000477	Asociación de padres de alumnos Muras	G27021948	Tropic Gaia	795	795
2023/PES_03/010345	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio	G27230382	ADEGA	498,75	498,75
2023/CCP_01/000483	ANPA CEIP san Xoán de Becerreá	G27303429	A Carqueixa	900	2298,75
			Daveiga	900	
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000489	Asociación padres alumnos Pedro Caselles Rollán	G27037787	Casa Labradela	630	3780
2023/CCP_01/000490			Casa Labradela	630	
2023/CCP_01/000491			Tropic Gaia	630	
2023/CCP_01/000492			Casa Labradela	630	
2023/CCP_01/000493			Tropic Gaia	630	
2023/CCP_01/000496			Tropic Gaia	630	
2023/PES_03/010643	Asociación ANPA CEIP As Mercedes	G27130301	Terras da Mariña	704,9	4313
		SAT Lodos e Pérez	704,9		
		Embutidos Suarna	725,8		
		Casa Bértolo	725,8		
		A Casa da Fonte	725,8		
2023/CCP_01/000512	Asociación Pais Alumnos O Cantel do colexio público EXB n2 Foz	G27211937	Teixeiro e Pistón	725,8	4802,25
		Arqueixal	812,25		
		Casa Labradela	788,5		
		Milhulloa	788,5		
		As Vacas da Ulloa	836		
		Terras da Mariña	788,5		
2023/CCP_01/000515	APA colegio público Pantón	G27205186	Tropic Gaia	788,5	3276
2023/CCP_01/000516			A Casa da Fonte	627	
2023/CCP_01/000517			Milhulloa	883	
2023/CCP_01/000518			SAT O Palomar	883	
2023/CCP_01/000521	APA del colegio público de San Cosme de Barreiros	G27304575	Traloagro	883	900
2023/CCP_01/000525	ANPA CEIP Rosalía de Castro	G27313808	Tropic Gaia	900	998,75
		A Casa da Fonte	500		
		ADEGA	498,75		
2023/CCP_01/000527	Asociación de nais e pais alumnado do CEIP do Páramo	G16791758	Milhulloa	900	900
2023/CCP_01/000539	APA Colexio Público Ramón Falcón	G27210632	El País del Abeyeiro	900	900

Expediente	Solicitante	NIF	Visita / Obradoiro	Importe unitario subvención	Importe total subvención
2023/CCP_01/000532	APA y exalumnos del Colegio nacional comarcal de Foz Padre Feijoo	G27019371	Terras da Mariña	900	900
2023/CCP_01/000528	ANPA do CEIP de Samos (en constitución)	G16843799	El País del Abeyeiro	600	600
2023/CCP_01/000530	APA de la Agrupación Escolar de Bretoña de Pastoriza	G27021849	SAT Lodos e Pérez	900	1398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000537	APA Colegio A Gándara	G27183961	A Casa da Fonte	900	900
2023/CCP_01/000541	APA Colexio Público Ramón Falcón	G27210632	Champivil	900	900
2023/CCP_01/000546	ANPA do CEIP Manuel Mato Vizoso (en constitución)	G27493527	Champivil	850	1348,75
2023/CCP_01/000546			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000548	ANPA do CP Antonio Insua Bermúdez	G27119833	Fraga do Coto	850	850
IMPORTE TOTAL DAS SUBVENCIÓNS					79.747,8

V. Por outra banda, as solicitantes que non poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia por non ter presentada toda a documentación estipulada nas bases da convocatoria en tempo e forma, despois de ser requiridas para que fixeran as emendas correspondentes, son as interesadas dos expedientes que se relacionan a continuación:

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	Nº SOLICITUDES DENEGADAS	MOTIVO DENEGACIÓN
2023/CCP_01/000444	Asociación de nais e pais de alumnos/as da escola de educación infantil Fingoi nº2	G09733023	4	1
2023/CCP_01/000504	APA Col Nac mixto comarcal de A Pontenova	G27106020	1	4
2023/CCP_01/000514	APA CEIP A Ponte	G27010461	6	2
2023/CCP_01/000519	ANPA A Lagoa	G27237155	1	4
2023/PES_03/010882	ANPA Quiroga Ballesteros Lugo	G27120070	3	2
2023/CCP_01/000559	APA del colegio de la Merced De Sarria	G27120039	1	2
2023/CCP_01/000561	ANPA CPI Navia de Suarna	G27243385	1	2
2023/CCP_01/000571	ANPA do CEIP de San Clodio	G27458124	1	3
2023/CCP_01/000420	APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Vivero	G27019017	1	5
2023/CCP_01/000422			1	
2023/CCP_01/000423			1	
2023/CCP_01/000424			1	
2023/CCP_01/000437	ANPA del CEIP de Monterroso	G27374248	1	5
2023/CCP_01/000448	ANPA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	2	5
2023/CCP_01/000449			2	
2023/CCP_01/000461	Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	G27384635	1	5
2023/CCP_01/000495	Asociación padres alumnos Pedro Caselles Rollán	G27037787	1	5
2023/CCP_01/000497			1	

Motivo denegación.

1. Incumplimento Base 5.
2. Orzamento Esgotado.
3. Solicitude fóra de prazo.
4. Desistencia da solicitude.
5. Visitas de reserva, orzamento esgotado (Base 8).



VI. Finalmente, celebrado o sorteo previsto na Base 10 das canalizadoras das subvencións, segundo consta en acta que figura no expediente, resulta que a gañadora do premio é a ANPA do Colexio Milagrosa de Lugo, expediente 2023/CCP_01/000438.

Asemade, as entidades beneficiarias que quedan na listaxe de reserva, para o caso de que a premiada non acepte expresamente o premio, son, por esta orde:

Asociación de nais e pais de alumnos/as A Faxarda do CEIP Gregorio Sanz, expediente 2023/CCP_01/000467.

ANPA CEIP San Xoán de Becerreá, expediente 2023/CCP_01/000483.

Asociación padres alumnos Pedro Caselles Rollán, expediente 2023/CCP_01/000491.

Por todo canto vai exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2023, en favor dos beneficiarios e nas contías que se relacionan no apartado IV desta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 6 da convocatoria.

2º.- Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no apartado V desta Proposta.

3º.- Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, e que será publicado no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4º.- Notificar este Acordo provisional ás interesadas, por medio da súa publicación nos medios citados no apartado anterior, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para presentar alegacións.

5º.- Ditar resolución provisional de concesión do premio previsto na Base 10 da convocatoria, en favor da beneficiaria á que se refire o apartado VI desta Proposta, que deberá ser aceptado expresamente no prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste Acordo no BOP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DUNHA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE COMO BENEFICIARIA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022:

1. Este procedemento de concorrência competitiva tramítase de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de abril de 2022.



2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 17 de xuño de 2022, acordou aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións da referida convocatoria, así como a desestimación provisional das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes. Esta resolución foi publicada no BOP de Lugo nº 142 do 22 de xuño de 2022.

3. Finalizado o trámite de audiencia (dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP) sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional tivo carácter definitivo e publicouse na páxina web da Deputación de Lugo no BOP nº 162 do 16 de xullo de 2022 para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. O beneficiario relacionado a continuación, presentou na Deputación Provincial de Lugo a súa renuncia á subvención concedida na referida convocatoria:

Liña 10.2. Reserva da biosfera Terras do Miño.

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2022/CCP_01/000550	ASOCIACIÓN CULTURAL DE AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	G27347632	PANEIS IMPRESOS E DE MAIS MATERIAL DIVULGATIVO PARA CENTRO INTERPRETACIÓN DA EVOLUCIÓN DO HOME EN GALICIA	2.887,10 €

5. O Servizo de Medio Ambiente emitiu o día 7 de xuño de 2023 un informe ao respecto.

Por todo o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

Liña 10.2 Reserva da biosfera Terras do Miño.

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2022/CCP_01/000550	ASOCIACIÓN CULTURAL DE AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	G27347632	PANEIS IMPRESOS E DE MAIS MATERIAL DIVULGATIVO PARA CENTRO INTERPRETACIÓN DA EVOLUCIÓN DO HOME EN GALICIA	2.887,10 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, AÑO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencions concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de setembro de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 056, do 10 de marzo de 2022, para a concesión de subvencions destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Vicepresidenta, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
ASOC MUJERES RURALES "AGARIMO" DE SANTABALLA	855,00
SDAD CULTURAL RECREATIVA MUSICAL LEDICIA	1.214,00
ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	780,00
ASOC. DE FAM. DE ENF. DE ALZHEIMER DE CHANTADA	1.309,00
ANPA DE XERMADE	900,00
ASOC DE AMAS DE CASA STA. ISABEL DE LA ILUSIÓN	1.429,00
ASOC TREBOADA DE IDEAS	1.381,00

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencions concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, onde se resolveu o concurso convocado,



mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 052 do 05 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
LUGO RUNNING CLUB	TROFEO NACIONAL LUGO RUNNING CLUB (ATLETISMO)	422,00 €
CLUB XADREZ CHANTADA	XADREZ	331 €

13.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA COMPATIBILIDADE A UNHA DINAMIZADORA DIXITAL, LABORAL TEMPORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que mediante escrito de data 15 de maio de 2023, que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, Dona Ana Mar Álvarez Lombardero formula solicitude de autorización de compatibilidade, con efectos do día 11 de maio de 2023, por estar dada de alta como Autónoma.

Dos antecedentes que constan na Sección de Admón. de RR.HH. despréndese que Dona Ana Mar Álvarez Lombardero foi seleccionada para prestar servizos como Dinamizadora Dixital, laboral temporal, por Resolución da Presidencia de data 11 de maio de 2023, iniciando a súa relación laboral o día 11 de maio de 2023.

Tendo en conta as consideracións legais e técnicas que se formulan no informe do Servizo de Recursos Humanos, do seguinte teor:

“1º Normativa de aplicación.

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local.”

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; a expresa aceptación da persoa interesada.

2º Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.



A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

3º Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente reconecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

4º Limitacións sobre xornada e horario.

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”



En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

O Informe do Servizo sinala que non existe impedimento para autorizar a compatibilidade, sempre que non impida o estrito cumprimento dos seus deberes como traballador, non interferindo na xornada nin no horario de traballo, así como, coas xornadas de traballo extraordinario que lle sexan designadas, segundo as necesidades do programa, así como, con calquera outra necesidade derivada da propia natureza de funcionamento dos Centros de Atención.

5º Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo.

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

“O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.

6º Limitacións retributivas.

O artigo 16 da mencionada norma establece:

“Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:

“Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

7º Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude da interesada debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Como consecuencia do sinalado, vistos os informes dos servizos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Conceder a Dona Ana Mar Álvarez Lombardero a compatibilidade para traballar como Autónoma, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado no citado informe do Servizo de Recursos Humanos, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 11 de maio de 2023, data na que inicia a relación laboral nesta Entidade como Dinamizadora Dixital, laboral temporal.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente en funcións levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.